

Plan de igualdade

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano Académico	Estado
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	2025/2026	En proceso

1.- Vixencia

Vixencia	Data
Curso inicio	2023/2024
Curso fin	2026/2027
Data de actualización	31/01/2026

2.- Introducción

Análise da situación do centro

Análise xeral da situación de partida. No ano 2019-20 estableceuse o primeiro plan de igualdade do centro. Desde entón foise avanzando a prol da igualdade paso a paso e tomando unha maior relevancia as iniciativas neste eido.

As actividades foron realizadas nun contexto de pandemia pola covid-19. Neste contexto vimos de observar como xurdían novas problemáticas derivadas fundamentalmente do uso das novas tecnoloxías e do illamento social.

Diagnose en relación ao contexto no que se teñen que desenvolver as actividades de coeducación este curso:

- No que atinxe á evolución da pandemia: Serviunos para aprender a xestionar do mellor xeito posible unha situación coma a xa pasada, tratando de minimizar as consecuencias.

- En relación aos distintos grupos aos que vai dirixido: No espazo dun centro integrado conviven diferentes grupos de poboación con graos de madurez, actitudes e ambientes persoais moi diferentes. Hai rapaces en formación que acceden ás ensinanzas non obrigatorias pero xa vocacionais, persoas adultas en situación de desemprego ou traballadores en activo .
- Alumnado que está a cursar un ciclo de FP Básica: O perfil do alumnado que cursa estas ensinanzas correspóndese cun alumno/a menor de idade, con experiencia continuada de fracaso escolar e con baixa autoestima e poucas habilidades de interacción social. Dispónse dunha hora semanal de tutoría. O PAT inclúe accións de sensibilización encamiñadas á coeducación.
- Ciclos formativos de grao medio e superior polo réxime ordinario: A maioría é alumnado adolescente. A faixa de idade oscila entre os 17 anos e os 30 anos. Non contan con hora de tutoría grupal polo que as actividades deberán ter o formato de obradoiro, conferencia, etc.
- Ciclos formativos polo réxime para persoas adultas: Pola súa faixa de idade acostuman ser persoas cunha estrutura persoal e/ou familiar definida e cuxo principal problema é compatibilizar familia, traballo e formación.

Diagnose obtida a partir dos resultados da matrícula:

- Podemos dicir que as familias máis relacionadas coa tecnoloxía están moi masculinizadas e as familias de atención ao público están moi feminizadas. Esta situación obsérvase tanto no réxime ordinario (no que franxa de idade está entre os 18 anos e 30 anos e polo tanto mozos) como no caso do réxime de adultos onde o alumnado é adulto e a faixa de idade é superior.
- Podemos tamén concluír que os estudos de formación profesional por parte da xuventude en idade de formación é aínda unha opción masculina e que as mulleres cando teñen como opción a FP , escollen ocupacións relacionadas coa atención ao público.
- No caso das persoas adultas o acceso á estudos de formación profesional é máis igualitario, pero seguen a observarse as mesmas diferencias nas opcións elixidas.(Hai que ter en conta que nesta franxa de idade as mulleres acostuman a ter máis dificultades na súa relación coa tecnoloxía).

Diagnose a partir dos datos de Inserción laboral por familia profesional e xénero:

Nos datos obtidos ponse de manifesto que a inserción no mundo laboral presenta o mesmo sesgo de xénero.

- O mundo do traballo presenta o mesmo sesgo de xénero que o mundo da formación.
- No caso de situación de crise é a muller a que toma a iniciativa para emprender.

- Os homes acceden máis facilmente á situación de teletraballo (situación que se deu principalmente na familia de informática).
- As mulleres prefiren seguir formándose o que pode ser debido a unha percepción de falta de seguridade nas súas propias posibilidades.

3.- Contexto DAFO

Instrumentos de recollida de información previa

- Enquisa de convivencia
- Plan de convivencia
- Memoria de actividades

Análise interna

DAFO	DESCRICIÓN	CATEGORÍA	OBX.
Debilidade	Percíbese a existencia de micromachismos nas relacións	Alumnado	Si
Debilidade	Pouca implicación do alumnado nas actividades complementarias que se propoñen dende o centro.	Alumnado	Si
Debilidade	Resistencia que se basea en negar os estereotipos, roles e relacións desiguais	Alumnado	Si
Debilidade	Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).	Alumnado	Si
Debilidade	No existe unha redución de horario para docentes que están na comisión de igualdade	Organización de centro	Si
Debilidade	Dispónse de pouco tempo para a organización de actividades dentro do horario lectivo	Organización de centro	Si
Debilidade	Poucas mulleres matriculadas en familias profesionais masculinizadas	Outras	Si
Debilidade	Escasa relación entre departamentos	Persoal docente	Non
Debilidade	Pouca implicación nas actividades complementarias que se propoñen dende o centro.	Persoal non docente	Non
Fortaleza	No PAT e no POAP abórdanse actividades relacionadas coa igualdade, coa prevención da violencia machista e abolición dos estereotipos vinculados ao sexo	Alumnado	Non
Fortaleza	O alumnado recibe actividades enfocadas á igualdade a través de determinados programas	Alumnado	Non

DAFO	DESCRICIÓN	CATEGORÍA	OBX.
	(proxecta, contrato), e contemplase nas distintas programacións dos módulos a integración e normalización de tódalas identidades de xénero.		
Fortaleza	Percepción por parte do alumno dunha educación de calidade.	Alumnado	Non
Fortaleza	Bo clima de convivencia.	Alumnado	Non
Fortaleza	O equipo directivo é paritario	Organización de centro	Non
Fortaleza	Desde a implantación do plan de igualdade avanzaouse na xeración dunha cultura sensible á desigualdade de xénero.	Organización de centro	Non
Fortaleza	A equipo directivo impulsa as actividades en valores.	Organización de centro	Non
Fortaleza	Presenza de mulleres en todos os estamentos do centro	Organización de centro	Non

Análise externa

DAFO	DESCRICIÓN	CATEGORÍA	OBX.
Ameaza	Dispónse de pouco tempo para a organización de actividades dentro do horario lectivo	Administración educativa	Non
Ameaza	Poucas mulleres matriculadas en familias profesionais masculinizadas	Contorna	Si
Ameaza	Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).	Contorna	Si
Ameaza	Unha parte do alumnado masculino percibe o feminismo como acoso	Contorna	Non
Oportunidade	Existencia de recursos e materiais para traballar a elección profesional libre de estereotipos de xénero	Administración educativa	Non
Oportunidade	Colaboración con organizacións que traballan a prol da igualdade	Contorna	Non
Oportunidade	Existencia de protocolos, lexislación e servizos públicos que interveñen en problemas derivados de situacións de desigualdade (Cim, Uaco, Casa de muller...)	Lexislación	Non

Análise

Partindo da análise anterior e respectando os seguintes principios:

- A transversalidade e integración dos obxectivos de igualdade no proxecto funcional do centro
- A inclusión e a integración de calquera diversidade na comunidade educativa incluída a diversidade por xénero
- A construción dunha sociedade igualitaria na que todos e todas teñamos a mesmas oportunidades na nosa realización persoal e profesional
- Tolerancia cero a calquera forma de violencia de xénero
- Visibilidade dos valores que dirixen o noso Plan de Igualdade.

Partindo da realidade descrita e destes principios tentamos construír un Plan de Igualdade que de resposta as necesidades do noso centro e da contorna, na que nos planificamos como obxectivo xeral:

- Educar en igualdade rexeitando os estereotipos, os prexuízos, discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual.
- Impulsar actuacións que incidan na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres fomentando unha orientación académica e profesional libre de condicionamentos de xénero.
- Concienciar a toda a comunidade educativa a través de actuacións para a sensibilización e formación en igualdade coeducación e prevención da violencia de xénero.

4.- Obxectivos

Listaxe de obxectivos

Código	Obxectivo
01	Integrar a perspectiva de xénero en materiais e recursos
02	Implicar a toda a comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero e favorecer relacións pacíficas e positivas
03	Sensibilizar ao profesorado na importancia de incluír a igualdade de xénero nas distintas programacións a través da petición de programas proxecta e contrato
04	Favorecer o desenvolvemento dun proxecto profesional e vital sen condicionamentos e estereotipos
05	Sensibilización e promoción do respecto pola diversidade afectiva e aos colectivos LGTBI.
06	Sensibilizar ao profesorado da importancia de formar grupos de traballo para desenvolver actividades relacionadas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero
07	Difusión do Plan de igualdade establecendo actividades conxuntas con centros da contorna

Datos do obxectivo 01

Código	Estado
01	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Ameaza – Contorna: Poucas mulleres matriculadas en familias profesionais masculinizadas

Debilidade – Alumnado: Pouca implicación do alumnado nas actividades complementarias que se propoñen dende o centro.

Ameaza – Contorna: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).

Debilidade - Organización de centro: Dispónse de pouco tempo para a organización de actividades dentro do horario lectivo

Debilidade – Outras: Poucas mulleres matriculadas en familias profesionais masculinizadas

Debilidade – Alumnado: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Acadado ano 1	Acadado ano 2	Acadado ano 3	Acadado ano 4
Actualizar páxina web de Igualdade. Crear un caixa de correos de igualdade Crear apartado de recursos na web	1	Publicouse toda a información relativa a igualdade na web e nas redes	Publicouse toda a información relativa a igualdade na web e nas redes		

Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Actualizar en páxina web apartado de igualdade .Introducir apartado de recursos e caixa de correos de igualdade	20/03/2024	xaneiro, marzo, febreiro
Responsables	Coordinadora de Plan proxecta, Orientación, Responsable de Web	
Destinatario	Toda a Comunidade educativa	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Caixa do correo de igualdade Apartado de recursos		2	
A guía aparece na web do centro. Apartado de igualdade	0	1	

Acción	Data máxima	Temporalización
Difusión dunha guía de linguaxe inclusivo para o profesorado : O respecto comeza pola lingua	21/06/2024	xaneiro, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Bouzón de igualdade Apartado de recursos		2	
A guía aparece na web do centro. Apartado de igualdade	0	1	

Acción	Data máxima	Temporalización
Emprego de linguaxe e imaxes non sexistas na documentación do centro	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Datos do obxectivo 02

Código	Estado
02	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Debilidade – Alumnado: Percíbese a existencia de micromachismos nas relacións

Debilidade – Alumnado: Resistencias que se basean en negar os estereotipos, roles e relacións desiguais

Debilidade – Alumnado: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
80% actividades realizadas	0	80% das actividades programadas	80% das actividades programadas			

Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Obradoiros de intelixencia emocional para o alumnado de 1º curso	20/06/2024	xaneiro
Responsables	Departamento de orientación	
Destinatario	Alumnado de 1º curso	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
14 talleres	0	14	
Actividade por trimestre	0	1	
Número de talleres realizados en todo o curso	0	10	

Acción	Data máxima	Temporalización
Obradoiros de sensibilización sobre igualdade e violencia de xénero a través do Plan Director	20/06/2024	
Responsables	DIOP/ titores	
Destinatario	Alumnado de CM e FPB	

Acción	Data máxima	Temporalización
Obradoiro de sexualidade e relación de parella	20/06/2024	
Responsables	Departamento de orientación	
Destinatario	Alumnado CM e FPB	

Acción	Data máxima	Temporalización
Participación/difusión de actividades de outros organismos en relación á igualdade (concursos, actividades...)	20/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	DIOP/Comisión de convivencia	
Destinatario	Alumnado e profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Concurso e exposición de carteis contra a violencia de xénero	20/06/2024	
Responsables	DIOP/profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Caixa de correos de igualdade	20/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Comisión de igualdade	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
--------	-------------	-----------------

Conmemoración de datas sinaladas: 25N	21/06/2024	febreiro, novembro, xuño, marzo
Responsables	toda a comunidade educativa	
Destinatario	toda a comunidade educativa	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
14 talleres	0	14	
Actividade por trimestre	0	1	
número de talleres realizados en todo o curso	0	10	

Acción	Data máxima	Temporalización
Desenvolver programas de coeducación e intelixencia emocional para o alumnado de 1º curso	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Departamento de orientación	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
14 talleres	0	14	
Actividade por trimestre	0	1	
número de talleres realizados en todo o curso	0	10	

Acción	Data máxima	Temporalización
Estudo e coñecemento da lexislación en materia de igualdade	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Departamento de FOL	
Destinatario	Alumnado	

Datos do colectivo 03

Código	Estado
03	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Debilidade – Alumnado: Pouca implicación do alumnado nas actividades complementarias que se propoñen dende o centro.

Debilidade - Organización de centro: Dispónse de pouco tempo para a organización de actividades dentro do horario lectivo

Debilidade – Outras: Poucas mulleres matriculadas en familias profesionais masculinizadas

Debilidade – Alumnado: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Solicitar como mínimo un programa proxecta no que participen o 25% dos departamento	0	implantación dun programa	implantación dun programa			

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitar programas proxecta e contrato con profesorado de distintos departamentos para traballar contidos que incidan na igualdade de xénero	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Indicador de acción	Valor inicial	Valor obxectivo	Valor acadado
Solicitud de polo menos 1 programa	0	1	

Datos do obxectivo 04

Código	Estado
04	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Ameaza - Contorna: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estean subrepresentadas, etc).

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
80% actividades realizadas	0	80% actividades programadas	80% actividades programadas			

Acción	Data máxima	Temporalización
Realizar análises críticas de series, redes sociais, influencers con estereotipos sexistas, etc	20/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Comisión de igualdade	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Conmemoración do Día internacional da muller 8M e do día internacional da muller e da nena na ciencia	20/06/2024	febreiro, marzo
Responsables	Comisión de igualdade	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Facilitar modelos profesionais que rompan roles de xénero nas xornadas de Portas Abertas ou xornadas de Orientación profesional e desprendemento	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Alumnado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Facer reflexionar sobre a necesidade de potenciar o talento como referente en todos os ámbitos e en situación de igualdade	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Departamentos didácticos	
Destinatario	Alumnado	

Datos do obxectivo 05

Código	Estado
05	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Debilidade – Alumnado: Pouca implicación do alumnado nas actividades complementarias que se propoñen dende o centro.

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
80% actividades realizadas	0	80% actividades programadas	80% actividades programadas			

Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Charla ao alumnado de sensibilización contra a fobia aos colectivos LGTBI (Fundación ARELAS): Por un mundo diverso	21/06/2024	marzo, xuño, maio, abril
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Alumnado	

Datos do obxectivo 06

Código	Estado
06	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Ameaza – Contorna: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cuotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estén subrepresentadas, etc).

Debilidade - Organización de centro: No existe unha redución de horario para docentes que están na comisión de igualdade

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
Creación dun grupo de traballo	0	1	1			

Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Solicitud de Programas Proxecta e Contrato	20/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Profesorado	
Destinatario	Alumnado	

Datos do obxectivo 07

Código	Estado
07	Pendente

Elementos DAFO relacionados

Ameaza – Contorna: Hai colectivos na sociedade remisos: na enquisa realizada sobre xénero, o alumnado non é partidario de promover medidas que favorezan situacións de discriminación positiva ás mulleres (cuotas nos postos de dirección, contratacións en especialidades nas que as mulleres estén subrepresentadas, etc).

Indicadores

Indicador	Valor inicial	Valor obxectivo ano 1	Valor obxectivo ano 2	Valor obxectivo ano 3	Valor obxectivo ano 4	Valor acadado
80% actividades realizadas	0	80% actividades	80% actividades			

		programadas	programadas			
--	--	-------------	-------------	--	--	--

Accións

Acción	Data máxima	Temporalización
Xornada de presentación do Plan de Igualdade a representantes da comunidade educativa	29/03/2024	febreiro, marzo
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Profesorado	

Acción	Data máxima	Temporalización
Publicación das actividades realizadas no espazo web do centro	21/06/2024	xaneiro, decembro, novembro, outubro, setembro, xuño, maio, abril, marzo, febreiro
Responsables	Equipo directivo	
Destinatario	Alumnado	

5.- Seguimento

Procedemento para o seguimento

Realizarase un seguimento trimestral por parte da comisión de igualdade que se reunirá para tal fin.

A avaliación realizarase a través dun rexistro de actividades e cunha enquisa global de satisfacción sobre a execución dos contidos do plan.

Ademais dispoñemos dos seguintes medidores/indicadores que nos avalían as diferentes actuacións do plan:

- Que as actividades previstas realizadas sexa do 80%.
- Que a participación nas actividades dirixidas a todo o alumnado para implicar á comunidade educativa contra a violencia de xénero sexa de polo menos o 70% dos grupos.
- Que para a sensibilización e promoción do respecto pola diversidade afectiva e aos colectivos LGTBI estean realizadas o 100% das actividades previstas.
- Que na enquisa de satisfacción que se realizará para as actividades do punto anterior saia un resultado medio-alto.
- Que as actividades previstas realizadas sexa do 80%.

- Que a participación nas actividades dirixidas a todo o alumnado para implicar á comunidade educativa contra a violencia de xénero sexa de polo menos o 70% dos grupos.
- Que para a sensibilización e promoción do respecto pola diversidade afectiva e aos colectivos LGTBI estean realizadas o 100% das actividades previstas.
- Que na enquisa de satisfacción que se realizará para as actividades do punto anterior saia un resultado medio-alto.
- Que o espazo web para temática de igualdade conte coas actividades realizadas publicadas.

Primeiro trimestre

O seguimento dos obxectivos é o seguinte:

Obxectivo 1: Integrar a perspectiva de xénero en materiais e recursos:

Indicador: Actualizar páxina web de Igualdade Crear un buzón de igualdade Crear apartado de recursos na web. Acción: Emprego de linguaxe e imaxes non sexistas na documentación do centro

Obxectivo acadado: revisión da documentación na Aula Virtual: 25% porcentaxe realizado.

Obxectivo 2: Implicar a toda a comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero e favorecer relacións pacíficas e positivas

Indicador: 80% actividades realizadas Accións realizadas:

Obradoiros de sensibilización sobre igualdade e violencia de xénero a través do Plan Director

Participación/difusión de actividades de outros organismos en relación á igualdade (concursos, actividades...): Participación no concurso de igualdade da consellería.

Buzón de igualdade: Deseño e subida á web de igualdade do centro e recollida de queixas e suxestións

Conmemoración de datas sinaladas: Campaña de nadal de recollida de alimentos e xoguetes, Celebración de Magosto e Samaín, Concurso de carteis co gallo do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, Conmemoración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero

Estudo e coñecemento da lexislación en materia de igualdade : No departamento de FOL e con motivo do (M realizáronse estudos sobre prevención de riscos laborais e de orientación laboral

Obxectivo acadado: 85% actividades realizadas

Obxectivo 3: Sensibilizar ao profesorado na importancia de incluír a igualdade de xénero nas distintas programacións a través da petición de programas proxecta e contrato. Programa solicitado e pendente de aprobación (Non realizado).

Segundo trimestre

O seguimento dos obxectivos é o seguinte:

Obxectivo 1: Integrar a perspectiva de xénero en materiais e recursos

Indicador: Actualizar páxina web de Igualdade, Crear un buzón de igualdade e Crear apartado de recursos na web. Accións realizadas:

Actualizar en páxina web apartado de igualdade.

Introducir apartado de recursos e buzón de igualdade

Difusión dunha guía de linguaxe inclusivo para o profesorado : O respecto comeza pola lingua Emprego de linguaxe e imaxes non sexistas na documentación do centro

Obxectivo acadado: revisión da documentación na Aula Virtual: 50% porcentaxe realizado.

Obxectivo 2: Implicar a toda a comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero e favorecer relacións pacíficas e positivas

Indicador:80%

Actividades

realizadas Accións

realizadas:

Obradoiros de intelixencia emocional para o alumnado de 1º curso Obradoiro de sexualidade e relación de parella

Participación/difusión de actividades de outros organismos en relación á igualdade (concursos, actividades...): Participación no concurso de igualdade con motivo do 8M

Buzón de igualdade: Recollida de queixas e suxestións

Conmemoración de datas sinaladas: Participación nos actos conmemorativos do Día Internacional en memoria das vítimas do Holocausto, organizados polo Concello de Ferrol e Xornadas de Portas Abertas

Estudo e coñecemento da lexislación en materia de igualdade : No departamento de FOL e con motivo do (M realizáronse estudos sobre prevención de riscos laborais e de orientación laboral

Obxectivo acadado: 80% actividades realizadas

Obxectivo 3: Sensibilizar ao profesorado na importancia de incluír a igualdade de xénero nas distintas programacións a través da petición de programas proxecta e contrato.

Concedeuse o programa "Por 365 días de respecto e igualdade" e estanse realizando as actividades planificadas dentro de ese programa.

Dende as distintas programacións propóñense distintas actividades reflectidas na memoria do Plan Proxecta (Traballo dentro dos contidos dos módulos dos diferentes tipos de acoso laboral:

<https://www.cifprodolfoucha.es/actividades-desenvolvidas-2a-avaliacion/>

Visualización de vídeos relacionados co código civil eo código de comercio.

Análise de artigos periodísticos relacionados coa figura da muller no ámbito profesional.

Proxectos "As Xeracións de Montserrat" (Exposición da vida das mulleres que viaxaban soas nos barcos á emigración) Obxectivo acadado.

Obxectivo 4: Favorecer o desenvolvemento dun proxecto profesional e vital sen condicionamentos e estereotipos

Indicador: 80% actividades realizadas

Accións realizadas:

Comemoración do Día internacional da muller 8M e do día internacional da muller e da nena na ciencia: asistíuse a sesións de cine e teatro, elaboráronse e colocáronse carteis, fíxose a exposición

Actividades realizadas no Plan Proxecta:

Charla Violencia de xénero e o sexismo na publicidade, nos medios audiovisuais e nas redes sociais impartida ao alumnado de 1º e 2º do Ciclo Superior de Márketing e publicidade.

Obradoiro sobre "Violencia de xénero e o novo contexto dixital" impartido ao alumnado de 1º e 2º do ciclo Superior de Deseño de Aplicacións Web.

Charla sobre violencia machista nas relacións de parella na mocidade para o alumnado de 1º do ciclo medio de Xestión Administrativa e Actividades Comerciais.

Obra teatral "Mozas nas redes" da que desfrutará todo o alumnado do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Exposición "Dille Non" no hall do CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro.

Elaboración e divulgación dun vídeo de concienciación sobre o 8M e os estereotipos de xénero. Visualización do vídeo nas aulas e no hall do centro.

Creación dunha guía de traballo para o profesorado sobre os contidos do vídeo, que foi enviada a todo o profesorado do centro para aplicar co seu alumnado.

Montaxe dun mural na entrada do centro sobre os estereotipo masculinos, femininos e a importancia da igualdade. Este mural será confeccionado polo alumnado, como actividade final de concienciación da guía de traballo previamente descrita. Exposición dos carteis elaborados polo alumnado para o concurso da Secretaría de Igualdade da Xunta co gallo do 8M. Ademais, completouse a exposición con carteis sobre as diferencias salariais entre homes e mulleres nos sectores das familias profesionais que se cursan no centro.

Obxectivo acadado: 100% actividades realizadas

Obxectivo 6: Sensibilizar ao profesorado da importancia de formar grupos de traballo para desenvolver actividades relacionadas coa igualdade e a erradicación da violencia de xénero

Indicador: Creación dun grupo de traballo

Accións realizadas:

Formouse un grupo de traballo que foi ofertado a todos os departamentos, finalmente 9 profesoras estiveron representados: Comercio e Marketing, Formación e Orientación Laboral, Orientación profesional, Actividades Físico Deportivas. Este profesorado formou parte do Programa Proxecta.

Obxectivo acadado: Creación dun grupo de traballo no que participan representantes de varios departamentos didáctico e do departamento de orientación

Terceiro trimestre

Obxectivo 1: Integrar a perspectiva de xénero en materiais e recursos:

Indicador: Actualizar páxina web de Igualdade, Crear un buzón de igualdade e Crear apartado de recursos na web.

Accións realizadas:

Emprego de linguaxe e imaxes non sexistas na documentación do centro.

Obxectivo acadado: 100%

Obxectivo 2: Implicar a toda a comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero e favorecer relacións pacíficas e positivas

Indicador: 80% actividades realizadas

Actividades realizadas:

Estudo da lexislación laboral con perspectiva de xénero dende o módulo de FOL.
Obxectivo acadado: 90% das actividades realizadas

Obxectivo 3: Sensibilizar ao profesorado na importancia de incluír a igualdade de xénero nas distintas programacións a través da petición de programas proxecta e contrato.

Obxectivo acadado no trimestre anterior

Obxectivo 5: Sensibilización e promoción do respecto pola diversidade afectiva e aos colectivos LGTBI.

Indicador: 80% actividades realizadas

Accións realizadas:

Charla ofrecida pola Asociación de familias de menores Trans para concienciar sobre a diversidade afectivo-sexual e contra a LGTBIfobia. Acuden á charla todos os alumnos/as de 1º cursos e FP Básica. Por un mundo diverso.

Organización da actividade-concurso de centro Quen é quen? Mulleres que inspiran, na que o alumnado tivo que identificar “mulleres que inspiran” das familias profesionais que se cursan no CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro. Na entrada do centro montouse un mural con fotos e descricións de trinta mulleres, cinco por cada familia profesional.

Divulgación e análise de resultados dunha enquisa de igualdade elaborada polo alumnado de 2º do ciclo superior de Márketing e Publicidade e que servirá para adaptar as futuras actividades do centro á realidade do alumnado.

Obxectivo acadado: 100% actividades realizadas

Obxectivo 7: Difusión do Plan de igualdade establecendo actividades conxuntas con centros da contorna.

Xornada de presentación do Plan de Igualdade a representantes da comunidade educativa

Publicación das actividades realizadas no espazo web do centro

Obxectivo acadado: 40% das actividades realizadas

6.- Avaliación

Procedemento para a avaliación

A avaliación a través de reunións periódicas da comisión de igualdade co equipo do plan proxecta na que se fixo un seguimento das actividades realizadas e análise dos datos das enquisas realizadas.

Valoración xeral

Valorase de xeito positivo:

- Colaboración realizada a nivel de profesorado e persoal non docente.
- Implicación do alumnado nas actividades.

Propostas de mellora

- Buscar novos canles de difusión tanto para as actividades coma para o propio plan.
- Incrementar a colaboración con outros centros e entidades.

7.- Comunicación e difusión

Procedemento para a comunicación e a difusión

Coa finalidade de dar pulo a este Plan de Igualdade pretendemos publicar tanto na web do centro como na web de igualdade creada ex profeso, todas aquelas actividades deseñadas e pensadas para a consecución das actuacións pretendidas.

Tamén nas redes sociais e a través de carteis informativos no propio centro faremos difusión do tema, para que tanto internamente como noutros centros da bisbarra sexan coñecedores das actividades que se leven a cabo.

8.- Anexos

CURSO 2024-2025

OBX.	ACCIÓN	NOTAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS
1	Continuar coas publicacións na web e nas redes sociais	Acción a realizar durante a vixencia do plan	Orientación, Responsable WEB	Todo o curso	Toda a comunidade educativa
2	Concurso de carteis 25N e actividades conmemorativas	Andaina polo barrio de Caranza, elaboración e lectura de manifesto polo grupo de mediación. Actividades conmemorativas a desenvolver polo alumnado da quenda de tarde	PIE, orientación e equipo directivo	Novembro	Toda a comunidade educativa
	Taller de xestión emocional	Talleres impartidos por expertos para alumnado de 1º cursos de ciclos medios e ciclos de grado básico	orientación	1º trimestre	Alumnado de 1º cursos de CM
	Charlas plan director “Prevención ao acoso” e “Delitos de odio”	Talleres impartidos pola Policía Nacional para alumnado de 2º cursos de ciclos medios	orientación	2º trimestre	Alumnado de 2º cursos de CM
	Concurso de fotografía 8M	Concurso feito noutras convocatorias, cambiando a modalidade	Equipo PIE	2º trimestre	Todo o alumnado
3	Solicitud do PIE	Fomentar a participación dun grupo de docentes que en colaboración co equipo directivo e con orientación desenvolvan as actividades	Claustro de profesorado	Todo o curso	Claustro de profesorado
4	Orientación académica e profesional libre de estereotipos de xénero	Conseguir que toda a información de orientación tanto académica coma	Departamento de orientación e equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa

OBX.	ACCIÓNS	NOTAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS
		profesional que se transmita este libre de estereotipos de xénero			
	Tratar temas de igualdade nas materias impartidas polo departamento de Fol	Tratar temas de igualdade no currículo, co fin de formar profesionais libres de estereotipos	Departamento de Fol	Todo o curso	Alumnado
5	Charla “Arelas”	Charla que se realiza todos os cursos para informar, sensibilizar e concienciar da diversidade sexual	Departamento de orientación e equipo directivo	3º trimestre	Comunidade educativa
	Construción de mural	Actividade conmemorativa	Equipo PIE	3º trimestre	Comunidade educativa
6	Divulgar todas as informacións e convocatorias relativas a igualdade entre o profesorado	Apoiados pola coordinadora de formación, divulgar todas as actividades propostas pola Consellería e por outros organismos entre o profesorado para fomentar a participación e tamén para que o trasladen ao seu alumando	Equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa
7	Programar actividades con outros centros e outras entidades	Continuar coa promoción do Plan na nosa contorna	Equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa

CURSO 2025-2026

OBX.	ACCIÓNS	NOTAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS
1	Continuar coas publicacións na web e nas redes sociais	Acción a realizar durante a vixencia do plan	Orientación, Responsable WEB	Todo o curso	Toda a comunidade educativa
2	Actividades conmemorativas 25N	Alumnado do módulo márketing dixital realizará actividades relacionadas coa temática "Violencia dixital". Talleres preventivos sobre igualdade, violencia. Actividades conmemorativas a desenvolver polo alumnado da quenda de tarde	Profesorado da familia de Comercio de Márketing orientación e equipo directivo	Novembro	Toda a comunidade educativa
	Taller de xestión emocional, afectivo-sexual	Talleres impartidos por expertos para alumnado de 1º cursos de ciclos medios e ciclos de grado básico	orientación	Todo o curso	Alumnado de 1º
	Semana de marzo	Bibliotecas humanas con historias de mulleres	orientación/reposnsable da biblioteca	2º trimestre	Todo o alumnado
	Semana de desintoxicación dixital	Realización de actividades propostas polo alumnado de EF coa intención de liberarnos das pantallas e reflexión dos seus perigos	Orientación/Profesorado da familia profesional de Actividades Físico Deportivas	3º trimestre	Todo o alumnado
3	Solicitud de programas	Fomentar a participación dun grupo de docentes que en colaboración co equipo directivo e con orientación desenvolvan as actividades	Claustro de profesorado	Todo o curso	Claustro de profesorado
4	Orientación académica e profesional libre de estereotipos de xénero	Conseguir que toda a información de orientación tanto académica coma	Departamento de orientación e equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa

OBX.	ACCIÓNS	NOTAS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	DESTINATARIOS
		profesional que se transmita este libre de estereotipos de xénero			
	Tratar temas de igualdade nas materias impartidas polo departamento de Fol Programa actúa	Tratar temas de igualdade no currículo, co fin de formar profesionais libres de estereotipos	Departamento de Fol	Todo o curso	Alumnado
5	Charla “Arelas” ou outros entidades	Charla que se realiza todos os cursos para informar, sensibilizar e concienciar da diversidade sexual	Departamento de orientación e equipo directivo	3º trimestre	Comunidade educativa
6	Divulgar todas as informacións e convocatorias relativas a igualdade entre o profesorado	Apoiados pola coordinadora de formación, divulgar todas as actividades propostas pola Consellería e por outros organismos entre o profesorado para fomentar a participación e tamén para que o trasladen ao seu alumando	Equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa
7	Programar actividades con outros centros e outras entidades	Continuar coa promoción do Plan na nosa contorna	Equipo directivo	Todo o curso	Comunidade educativa